



CONCURSO DE ILUSTRACIÓN DO RELATO BREVE

BASES

- 1** - Poderá participar o alumnado de IES AS TELLEIRAS que presente ilustracións orixinais, baseadas ou relacionadas co microrrelato gañador da primeira fase.
- 2** - Os/as interesados/as en participar deberán poñerse en contacto coa coordinadora do EDLG antes do **1 de marzo** para facilitarlles unha copia do microrrelato gañador.
- 3** - A ilustración ten que presentarse en tamaño A4, en branco e negro ou color e co emprego de técnica libre.
- 4** - Os traballos serán remitidos ao EDLG nun sobre pechado xunto cun sobre pequeno no que se introducirá a información seguinte: nome e apelidos do autor ou autora, curso e grupo. En ambos os sobres ha de poñerse, no exterior, o pseudónimo e o título da obra.
- 5** - A entrega dos traballos farase na BIBLIOTECA do centro.
- 6** - O prazo de admisión de orixinais remata o **24 de marzo 2023**.
- 7** - O xurado estará formado por membros do Equipo de dinamización da lingua galega.
- 8** - A participación neste concurso supón a plena e total aceptación das presentes bases.